

## SER

Erguinme cedo pola mañá. A casa estaba aínda durmindo e só se escoitaba o fungar do deshumidificador no salón. Preparei un zume de laranxa e acompañeino cunha torrada de marmelada caseira, feita por miña nai. Ela é a mellor cociñeira que hai. Cociña con agarimo, gústalle o que fai e iso nótase. Subín ao meu cuarto e xirei o letreiro da porta, de xeito que deixara á vista a frase de “non molestar”. Tiña que rematar un traballo importante e non quería que o rebulir dos da casa me desconcentrara. Cando escoitei o son das persianas, puxen os cascós e mergulleime na miña tarefa ao ritmo de Chopin.

Eran as dúas da tarde, xa cumprira os obxectivos do día e dispúxenme a axudar a miña nai a poñer a mesa. Baixei as escaleiras e atopeime de fronte cunha egua desconcertada na cociña, non había rastro de Mamá. As chaves soaron na porta dianteira e entrou Papá, que acariciou con cariño o lombo da egua da cociña. Abriu a porta de diante e díxolle á egua que podía ir pastar á leira do veciño. Desconcertada, púxenme a cascar os ovos cocidos que estaban arrefriando no cazo do leite. Chamei a Pablo para que puxera a mesa e os tres, Papá, meu irmá e mais eu comemos xudías con ovos cocidos. Ninguén dixo nin unha palabra sobre Mamá.

Os sábados sempre hai xornada de limpeza. Papá érguenos cedo para que axudemos a limpar a casa de arriba a baixo. Pablo sempre roña porque non ten bo despertar. Esta mañá, para a miña sorpresa, Papá non se levantou de primeiro, o zume de laranxa non estaba feito e a casa estaba en silencio.

—Non é posible, pero se xa son as dez! —pensei.

Fun ao cuarto de meus pais e atopei a cama baleira. Desconsolada, fun despertar a meu irmán, que me respondeu cun gruñido indescifrábel.

—Pablo, Mamá é unha egua e non atopo a Papá. Isto ten que ser un pesadelo, dime que é un pesadelo! —berrei mentres desfalecía na cadeira do seu escritorio.

—Mamá estará pastando na leira do veciño e Papá, se cadra, foi facer algún recado. Non hai nada do que preocuparse —respondeu mentres se erguía da cama—. Es unha dramática.

Preparei o almorzo e limpamos a casa xuntos. Non limpamos o baño, de tódolos xeitos, Papá non estaba na casa para supervisar o noso traballo.

Ao rematar, fun á leira do veciño e atopei a Mamá correndo detrás dun abellón. Parecía leda e ceibe. Acerqueime e non puíden evitar pensar que ese abellón tras o que corría tiña que ser meu pai. Non podía ser doutro xeito. Papá sempre fora como unha abelliña. Perfeccionista, traballador, desas persoas que gozan cos máis pequenos praceres da vida. E alí estaba agora, pululando entre as flores e carrexando pole a algunha colmea da zona. Decidín pasar alí a tarde, estomballada na herba, co sol quentándome as fazulas, amparada pola tranquilidade que tanto meu pai como miña nai me transmitían.

O domingo era o día favorito de Pablo, pois podía pasar a tarde enteira xogando ao Fortnite cos seus amigos. O tabique que separa os nosos cuartos é tan fino como un pano. Cansa de escoitar as súas estratexias de batalla, fun dar un paseo pola aldea. A ninguén lle parecía estraño que houbera un novo cabalo na leira e ningún amigo ou familiar botaba en falta os meus pais. Semellaba que este era o transcurso natural dos feitos, aquilo que se supoñía que tiña que pasar. Non ía ser eu a que fixera un drama da situación. Á fin e ao cabo, ámbolos dous parecían felices.

Unha vez na casa, metínme na cama e sumínme de cheo no meu subconsciente. Polo menos iso é o que eu pensaba, ata que un ruído forte e agudo interrompeu o meu soño. Proviña do cuarto de Pablo. Abrín a porta, temendo o peor, e vin a cama baleira.

—Outra vez non! —pensei.

Prendín a luz e alí, no estante dos libros, acurrunchado, atopei a meu irmán convertido en moucho.

Necesitaba respirar, pero a ventá que me podía dar o aire era tamén a que daría a oportunidade a meu irmán de perderse nas profundidades da noite. Deixei que o osíxeno enchese o baleiro que sentía dentro, ao tempo que a ave sobrevoaba as tuias do xardín cunha maxestosa danza.

Non podía volver durmir nesa casa baleira. Collín unha manta e dirixinme á leira do veciño. Ao carón de Mamá e coa mirada perdida na infinidade do universo, quedei durmida.

Pola mañá inundoume unha sensación de plenitude. Non quería volver entrar na casa, quería estar fóra, dar paseos e gozar do aire fresco. Comecei a camiñar, sen rumbo fixo. Pode que fosen un par de horas, se cadra un día enteiro. Os pés doíanme a rabiarse, pero xa podía recender o mar. O Monte Louro erguíase ante os meus ollos, esa montaña que tempo atrás subíramos os catro xuntos. Seguín avanzando ata que o tacto frío do mar me rozou as dedas, facéndome saír do meu ensimesmamento. Alí estaba, soa, ante o horizonte.

Ao ritmo que avanzaba, o peso que levaba ás costas era cada vez máis lixeiro, os meus pais eran felices e o meu irmán estaría agora sumido nun profundo soño pracenteiro. Nada me mantiña aferrada a esa casa. A auga chegábame ao queixo e sabía que podía seguir mergullándome nas entrañas do océano, todo ía saír ben.

Quen me ía a dicir que ía atopar a felicidade sendo unha xouba.